



NOTA DE PRENSA DAS VECIÑAS E VECIÑOS AFECTADOS POLA CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA NAS BARXAS (MOAÑA): HOXE ENTRÉGASE AO CONCELLO 832 ASINATURAS.

Esta mañá, **Xosé Manuel Taboa Couso**, en nome das veciñas e veciños afectados pola contaminación electromagnética de As Barxas (MOAÑA) entregou **832 asinaturas** no rexistro xeral do Concello de Moaña, contra o conglomerado de contaminación electromagnética desta zona residencial en expansión; composta polas antenas base de telefonía móbil (recentemente ampliadas) da torreta do edificio de Telefónica e dun transformador ambas as dúas na Rúa Barxas, o que se suma a lindeiras liñas de media tensión.

Con esta petición veciñal **ademais de solicitar a confirmación da existencia das súas Licenzas Municipais preceptivas** (incluída a Licenza de Actividade Clasificada por estar afectada polo “Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas”) e **do cumprimento xeral das normas urbanísticas, pídese o traslado das antenas de telefonía base e do transformador a un lugar fóra das zonas residenciais (compatibilizando deste xeito as novas tecnoloxías e a saúde) e un estudo periódico, independente e público sobre a afectación da contaminación electromagnética mentres execútase dito traslado.**

Ao mesmo tempo **solicítase unha reunión co conselleiro de Medio Ambiente, Manuel Rodas, que xa manifestou ao colectivo de veciños a súa disposición a tratar de inmediato con eles a problemática legal e sanitaria presentada**, reunión que por outra banda contará coa presenza do coordinador da “campaña polo uso racional da telefonía móbil” da Asociación pola Defensa Da Ría (APDR).

Achégase modelo de recollida de asinaturas.